

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA

CURSO: 2019/2020

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 3.º ESO

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA: 08/05/2020

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 0. Introdución**
- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

| | | |
|--|----------------|--|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 | PÁX. 1 DE 7 | CENTRO: IES QDE QUIROGA CURSO:2019/2020 MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 3.º ESO |
|--|----------------|--|

0. Introdución

Tendo en conta a situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, que implicou o peche dos centros educativos dende o 16 de marzo e o paso das clases presenciais á formación telemática, este Dpto. detalla as modificacións que se levarán a cabo para a terceira avaliación. Segundo as instrucións publicadas o 27 de abril de 2020 (accesibles na páxina web da Consellería de Educación, destacamos o seguinte:

- A atención educativa ao alumnado continuará (punto 3.1 das citadas instrucións), fundamentalmente a través das seguintes canles: Aula Virtual do centro, correo electrónico e sesións a través de Webex cando fosen precisas.
- A avaliación de 2.º de bacharelato posporase para adaptala ás novas datas das ABAU. Será antes do 9 de xuño (punto 3.3 das citadas instrucións).
- Terase en conta ao alumnado que teña problemas de conexión telematicamente e ofreceranse solucións (punto 4 das citadas instrucións).
- Adaptación dos contidos da 3.ª avaliación (punto 6 da citada orde): priorizaranse os contidos relacionadas coas competencias básicas (comprensión lectora, expresión oral e escrita, expresión escrita...) e eliminaranse aqueles más complicados que precisen maior apoio docente e menor autonomía do alumnado (coma a sintaxe non explicada na 2.ª avaliación ou a análise de textos complexos); ademais, dado o carácter da materia, estes contidos son obxecto de estudio ampliado no seguinte curso, polo que se traballarán con mais detalle nel.
- Durante a 3.ª avaliación realizaranse as actividades de recuperación pertinentes e adaptadas á situación do momento (punto 6.2 e 6.4 das instrucións), tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro (punto II3.13 para ESO e II4-16 para bacharelato das instrucións).
- A avaliación e cualificación do alumnado terá en conta as aprendizaxes realizadas na 1.ª e 2.ª avaliación (punto 6.9 3 7.3 das citadas instrucións) e as da 3.ª avaliación só poderán beneficiar ao alumnado (punto 6.9 das citadas instrucións, II3.6 para ESO e II4.7 para bacharelato). Polo tanto, o alumnado que superou satisfactoriamente a 1.ª e a 2.ª avaliación, superará a materia automaticamente.

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – LCL – 3.º ESO | |
|---|--|
| Criterio de avaliação | Estándar de aprendizaxe |
| B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. | <p>LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.</p> <p>LCLB1.5.2. Organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.</p> <p>LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.</p> <p>LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.</p> |
| B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos. | <p>LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, educativo ou escolar, e social (medios de comunicación), identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado.</p> <p>LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descriptivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.</p> |
| B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalia a súa propia producción escrita. |
| B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. | LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido. |
| LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido. | LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento. |
| B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos usos da lingua. | <p>LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixeir errores de concordancia en textos propios e alleos</p> <p>LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe errores ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a producción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</p> |
| B3.3. Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adjetivais, verbais, preposicionais e adverbiais dentro do marco da oración simple. | <p>LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor.</p> <p>LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos</p> |

| | |
|---|--|
| | do suxeito (axente, paciente e causa). |
| LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor. LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos do suxeito (axente, paciente e causa). | LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descripción, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos. |
| B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura. | LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal. |
| B4.5. Comprender textos literarios representativos do Século de Ouro recoñecendo a intención do/da autor/a, relacionando o seu contido e a súa forma cos contextos socioculturais e literarios da época, identificando o tema, recoñecendo a evolución dalgúns tópicos e formas literarias, e expresando esa relación con xuízos persoais razoados. | LCLB4.5.1. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. LCLB4.5.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados. |

Recollemos só os considerados imprescindibles dos fixados para a 3.ª avaliación na programación, xa que os outros se manteñen por teren sido explicados na aula antes da supresión das clases presenciais. e poden consultarse na programación da materia.

A lectura fixada para esta avaliación era unha obra de teatro do Século de Ouro (a escoller entre *El caballero de Olmedo* e *La vida es sueño*) e un entremés de Lope de Rueda. Cancelouse a lectura do entremés e mantívose a da obra teatral a escoller, xa que ambas están accesibles na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes e o alumnado deste curso non ten problemas de conectividade.

En canto áos contidos de literatura, estes restrinxiranse a un achegamento á produción de Cervantes e aos rasgos do teatro áureo e dos corrais de comedias. Non se verá a poesía barroca debido á súa complexidade retórica, que presenta máis dificultades na súa comprensión, aínda que se fará unha actividade de escritura creativa na que o alumnado se achegue a algúns autores/as do barroco.

2. Avaliación e cualificación: manterase, na medida do posible, o recollido na programación

| | |
|---|--|
| Avaliación | <p>Procedementos: observación sistemática do traballo realizado a través da Aula virtual; valoración das lecturas realizadas polo alumnado; valoración da expresión oral; trabalhos escritos; probas obxectivas escritas.</p> <p>Instrumentos: caderno da profesora, trabalhos escritos e orais, probas obxectivas de resposta breve realizadas a través da Aula Virtual.</p> |
| Cualificación final | <p>Alumnado que superou as 1.^a e 2.^a avaliação:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media das dúas primeiras evaluacións (ou 40% nota da 1.^a avaliação + 60% nota da segunda avaliação)¹ + ata un punto en función do traballo realizado na 3^a avaliação. <p>Alumnado que non superou a 1.^a e/ou 2.^a avaliação:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Opción a recuperar os traballos de lectura e oralidade das evaluacións anteriores. - Proba en xuño dos contidos das dúas primeiras evaluacións, así como das lecturas non recuperadas + ata un punto en función do traballo realizado na 3^a avaliação. A proba realizarase presencial ou telemáticamente en función da evolución da pandemia e será escrita, oral ou combinando ambas, en función das circunstancias que se den nese mes. <p>O redondeo será automático a partir de 0,5 se o alumno traballou na 3.^a avaliação e non existirá para aquel alumnado que, tendo medios, non realizase todas ou a maioría das tarefas propostas.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <ul style="list-style-type: none"> - Proba que se realizará presencial ou telemáticamente (de xeito escrito, oral ou combinando ambos) en función da evolución da pandemia. Nesta proba incluiranse os contidos das dúas primeiras evaluacións, incluídas as lecturas de curso deses períodos. |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliação:</p> <p>Hai só un alumno coa materia pendente que superou as actividades de recuperación nas evaluacións anteriores. Polo tanto, xa ten aprobada a pendente.</p> <p>Criterios de cualificación: Non son, pois, precisos.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliação: Non son precisos.</p> |

¹ Valorarase sempre a opción máis beneficiosa para o alumnado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| Actividades | <p>Lectura da obra seleccionada (vid. supra) e realización dunha ficha de lectura da misma segundo o modelo facilitado ao alumnado.</p> <p>Realización dunha entrevista literaria a un autor do Século de Ouro en soporte dixital (oralidade).</p> <p>Realización de actividades de comprensión lectora, elaboración de esquemas para organizar a información principal, ortografía e vocabulario.</p> <p>Realización de actividades de repaso da sintaxe vista na segunda avaliación (cláusula simple).</p> <p>Realización de actividades creativas que combinen os conceptos de lingua e literatura (por exemplo, lectura dun capítulo do Quijote e elaboración dun pequeno periódico baseado na aventura seleccionada –textos xornalísticos).</p> <p>Probas de respuesta breve a través da Aula Virtual.</p> <p>Actividades de repaso para os alumnos coas avaliacións anteriores suspensas.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>A metodoloxía atenderá aos diferentes aspectos da competencia lingüística (reflexión gramatical, práctica escrita e oral) e integrará as TIC. Dadas as condicións predominará o traballo individual do alumnado e combinaranse actividades de lectura e interpretación, de creación, de presentación de traballos, de reforzo e de avaliación.</p> <p>Traballarase aproveitando as actividades do libro de texto e propostas en liña, evitando que o alumnado teña que imprimir material e evitando que precisen o ordenador a diario (en aras de facilitar o acceso a este útil a outros membros da familia, se fose necesario). Para elo, pautaranse actividades semanais, que non exixan conexión diaria. O contacto co alumnado será tanto a través da Aula Virtual (preferentemente) como do correo electrónico tanto para dúbidas, corrección de actividades, etc.</p> <p>Neste curso non hai ningún alumno sen conectividade.</p> |
| Materiais e recursos | Aula Virtual do centro e correo electrónico. |

| 4. Información e publicidade | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | Publicidade da páxina web do centro e na Aula Virtual da materia; a través desa plataforma, enviarase unha mensaxe ao alumnado, para recordarlle que está accesible. |
| Publicidade | Publicación obligatoria na páxina web do centro. |